


DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2020: RICARDO CARVALHO CALERO



A pesar das especiais condicións nas que este ano celebramos o Día das Letras, o Equipo de Dinamización Lingüística do CEIP Santa Baia non quere deixar pasar a oportunidade de homenaxear ao protagonista desta edición, Ricardo Carvalho Calero. Encontrámonos ante unha figura de incalculable valor para as nosas letras, xa que á parte da súa obra literaria, na que cultivou todos os xéneros, destaca por ter sido un estudoso, un intelectual, da lingua e das obras de diversos autores, e por ser unha das figuras máis recoñecibles que se postulan no *reintegracionismo* lingüístico.

Nacido en Ferrol no 1910, a súa vida enmárcase nun contexto de dureza. Orfo de nai moi axiña, aos 8 anos, trasládase á Coruña, onde en 1926 acaba os seus estudos de bacharelato no Instituto Eusebio da Guarda. Universitario e activista do galeguismo na Compostela de finais dos anos 20 e comezos dos 30, entra a formar parte do Seminario de Estudos Galegos e do Partido Galeguista, coñecendo ás grandes figuras da Xeración Nós (Castelao, Otero, Risco...), e participando en actos a favor do Estatuto de Autonomía de 1936. A partir deste ano vive as vicisitudes da Guerra Civil e da posterior ditadura, na que sofre prisión ata 1941.

Na posguerra intégrase no Instituto Padre Sarmiento, onde prosegue coa súa actividade intelectual, colabora con Galaxia e coa revista Grial, e vive en Lugo, onde dirixe o Colexio Fingoi. En 1954 acada en Madrid o doutoramento, coa tese *Aportaciones fundamentales a la literatura gallega contemporánea*, e en 1958 ingresa na Real Academia Galega co discurso *Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía*. A partir de 1965 volve a Compostela convertido en Catedrático de Lingua e Literatura no Instituto Rosalía de Castro e en 1972 acada a cátedra na Universidade de Santiago. Entre 1970 e 1971 participa na elaboración das *Normas ortográficas e morfolóxicas* da RAG.



Expediente do Tribunal de Responsabilidades Políticas, de 1941

Co fin da ditadura, non se integra en candidaturas políticas, pero participa activamente no debate político e, novamente, na elaboración en 1979 das *Normas ortográficas do idioma galego*. Pero polo seu reintegracionismo lingüístico comeza a ser apartado polas teses oficialistas do Instituto da Lingua Galega, que se reflicte na promulgación das normas pola Xunta en 1983. Xubilado a partir de 1980, mantén aínda unha intensa actividade na primeira metade da década, colaborando coa Asociación Galega da Língua, pero a partir de 1988 a súa saúde deteriórase. Falece o 25 de marzo de 1990.

Carvalho Calero deixounos un amplo abano literario. En poesía destacan *Trinitarias* (1928), *Vieiros* (1931), *La soledad confusa* (1932), *O silencio axionllado* (1934), *O trebo de catro follas* (1944), *Anxo da terra* (1950), ou *Salterio de Fingoi* (1961); onde a temática aborda aspectos como o amor, a muller, a soidade, evocacións da guerra ou mesmo referencias mitolóxicas. En narrativa publicou *Os tumbos* (1950), *A gente da barreira* (1951), *As pitas baixo a chuvia* (1952), *A cegoña* (1957), *Os amores seródios* (1979), *Provérbios otomanos* (1985), ou *Scórpico* (1987); nos que dominan temas históricos e sociais contemporáneos do rural galego, evocacións da súa biografía, o amor e a vellez. En teatro, mencionar *O fillo*, escrita en 1935; *Isabel*, escrita en 1945; *A sombra de Orfeu*, escrita en 1948; ou *A árbore*, escrita en 1948; obras estas publicadas

con posterioridade; e *Auto do prisioneiro* (1970) e *Os xefes* (1982); nas que están presentes o amor, a muller, as relacións home-muller, o existencialismo ou as evocacións á guerra como miliciano republicano. No teatro, tamén destacou a súa actividade no Colexio Fingoi.

Carvalho destacou como editor, crítico literario e estudoso da lingua: *Sete poetas galegos* (1955), *Historia da literatura galega contemporánea* (1963-75), *Sobre lingua e literatura galega* (1971), *Libros e autores galegos I-II* (1979-82), *Da fala e da escrita* (1983), *Estudos e ensaios sobre literatura galega* (1989), ou *Do galego e da Galiza* (1990). En todos eles aborda desde a literatura medieval e dos séculos escuros ata os autores dos séculos XIX e XX, con destacada importancia de Rosalía, Castelao ou Otero Pedrayo.

Pero Carvalho Calero foi sobre todo o defensor do ideario reintegracionista. O *reintegracionismo* lingüístico considera que galego e portugués son variantes dunha mesma lingua histórica, e dado o proceso de deturpación sufrido polo galego desde o século XIX, en que logo dos séculos escuros comeza a ser utilizado de novo como lingua escrita, pero coa ortografía que os autores da época coñecían, a castellana; debe

reintegrarse no nivel escrito á ortografía que lle é propia historicamente, por área lingüística. Como calquera especie animal ou vexetal que se aílla e perde, así, forza xenética e se debilita ata desaparecer, as linguas son entes vivos que deben estar relacionados coas demais linguas da súa área, no caso do galego, a galego-luso-brasileira, principio este do que desde o comezo se alonxaron as normas do ILG cunha postura isolacionista que alonxa ao galego da súa historia, da súa etimoloxía. Existen outros casos similares ao de galego e portugués, así catalán e valenciano ou neerlandés e flamengo.



Desde este punto de vista son de recuperación urxente grafías como *j* e *g* ante *e* ou *i*, como en *geral* ou *gente*, harmónicas non só co portugués senón tamén coas demais linguas romances, e coexistindo co *x* noutras palabras, como *caixa* ou *deixar*; os grupos *lh*, *nh* ou *qu*, como en *filho*, *Corunha* ou *quadragésimo*; usos de *b* e *v*, concordantes co portugués e outras linguas, como en *andava*, *árvore*; *z* ante *e* ou *i*, como en *vezes*, *luzir*; *ss* intervocálico, como en *andasse*, *classe*; *ç*, como en *naçom* ou *cabeça*; e os acentos circunflexo (^), nas vogais fechadas, como en *avô* ou *pôla*, e grave (˘) para sinalar atonicidade, caso da contracción *à*. Ao longo do proceso normativizador, as propias normas oficiais foron reintegrando desde o punto de vista léxico diversas formas, como *avó*, *pobo*, *óso*, que na fala aparecen normalmente castellanizadas co ditongo *ue* como *abuelo*, *pueblo*, *hueso*; ou recentemente, con formas como *grazas*. Pero neste proceso déronse e danse incongruencias que están a afectar ao proceso normalizador da lingua. Por que *grazas* e non *Galiza*? Por que *avó* con *v*, como en portugués, pero non tamén *povo*?

En definitiva, poeta ou dramaturgo, narrador ou crítico, lingüista ou político, a figura do profesor Ricardo Carvalho Calero debe axigantarse neste 17 de maio como dignificador e loitador da nosa lingua e patrimonio. Expor as súas ideas ou reflexionar sobre elas é a mellor homenaxe que lle podemos brindar. Sen personaxes como el non seríamos o que somos como pobo e como cultura.